

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Dona Sonia Rodríguez-Campos González, directora da Escola Galega de Administración Pública, nomeada no Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG núm. 134, do 13 de xullo), que actúa en nome e representación desta en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo.

EXPOÑEN

1. Que as dúas partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co seguinte:

- A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1). Así mesmo, o seu artigo 11 contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

- A Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública que establece, entre os seus fins, o de organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración pública da comunidade autónoma, así como a difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega –artigo 3.1.c) e i)–.

2. Que as partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar os produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Entre os obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega figuran:

- Conseguir unha mellora nas actitudes do persoal ao servizo das administracións públicas cara á lingua galega e a súa capacitación para realizar, en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional.
- Conseguir que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal ao servizo da Administración se desenvolvan de tal maneira que logren mellorar a competencia técnica en galego e as actitudes favorables a esta lingua.

O plan tamén prevé unha serie de medidas para acadar os citados obxectivos, como:

- Programar novos procesos de formación lingüística do persoal ao servizo das administracións públicas que teñan como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e o coñecemento do vocabulario técnico específico.
- Redeseñar os cursos de actualización técnica do persoal ao servizo das administracións públicas de xeito que, fóra de casos extremos, esa formación técnica se imparta en lingua galega.
- Reforzar o papel da Escola Galega de Administración Pública, para o cal se creará un departamento que planifique a formación lingüística na súa actividade, de xeito que todos os cursos técnicos se dean en galego ou que, polo menos, se reserve un 25 % das clases para facilitarlle ao alumnado toda a terminoloxía técnica desa materia en galego, para facer prácticas de expresión e garantir que a avaliación final certifique non só a competencia lingüística adquirida senón tamén a actitude positiva cara á lingua.

- Establecer unha conexión permanente da Escola Galega de Administración Pública co Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en Lingua Galega (Termigal) e cos demais centros que traballan en terminoloxía lingüística.
3. Que é unha obriga e unha vontade expresa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e mais da Escola Galega de Administración Pública potenciar o uso do galego no ámbito da Administración pública nos termos indicados anteriormente.
4. Que ambas as partes recoñecen reciprocamente as súas competencias e, conforme ao exposto, acordan subscribir este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a Consellería), a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Escola Galega de Administración Pública (en diante, a EGAP), para a realización de actividades de formación en lingua galega entre os anos 2022 e 2025 dirixidas ao persoal ao servizo das administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ao persoal da Administración de xustiza e ao persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades do sistema universitario de Galicia.

Segunda. Actividades

As actividades de formación obxecto deste convenio consistirán na realización de 32 cursos anuais de linguaxe administrativa e xurídica galegas, de niveis medio e superior, que se impartirán na modalidade presencial e/ou de formación en liña, sen prexuízo de que a súa convocatoria anual estea supeditada a que conte coa aprobación do Consello Reitor da EGAP.

Terceira. Duración, contido e avaliación dos cursos

Os cursos deberán axustarse ao establecido na Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121, do 24 de xuño de 2011; corrección de erros no DOG núm. 223, do 22 de novembro de 2011).

Os cursos presenciais terán unha duración de 75 horas. Este mesmo número de horas é o tempo de traballo estimado para os cursos en liña.

Os contidos que se impartirán serán os recollidos nos respectivos programas docentes detallados nos anexos da citada orde.

O sistema de avaliación basearase no principio de avaliación continua. En todo caso, o alumnado deberá realizar os traballos ou as prácticas e tarefas propostas, así como unha proba final, que constará dunha parte escrita e dunha parte oral.

Tras o remate do curso, o profesorado (ou titores/as) deberá achegarlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística a valoración dos traballos ou das prácticas e tarefas propostas, así como as actas dos cursos e as probas finais corrixidas.

Cuarta. Certificación dos cursos

O alumnado que supere o curso recibirá o correspondente certificado, no que constará a colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da EGAP.

Quinta. Programación e selección do alumnado

A EGAP realizará a programación específica dos cursos de acordo coas necesidades de formación do persoal referido na cláusula primeira e determinará as localidades, horarios, lugares e modalidades nas que se impartirán. Así mesmo, correspóndelle a selección do alumnado asignado a cada curso segundo os seus propios criterios de selección e a oferta de prazas dispoñibles.

En todo caso, para acceder ao curso de nivel medio é necesario contar co Celga 4 ou nivel de perfeccionamento de lingua galega, ou ben co curso básico de linguaxe administrativa galega, o curso básico para o persoal da Administración de xustiza ou o curso básico de linguaxe administrativa sanitaria. Para acceder ao curso de nivel superior, cómpre contar co curso medio de linguaxe administrativa galega, o curso medio de linguaxe xurídica galega ou calquera dos cursos equivalentes a estes recollidos no punto 2.º do artigo 5 da Orde do 13 de xuño de 2011.

O número de participantes en cada curso non poderá ser superior a 25. No caso de que resulten prazas vacantes, estas ofreceránselle a quen non obtivese praza na selección inicial.

Sexta. Profesorado

A Consellería, por proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística, designará o profesorado (ou titores/as) encargado de impartir os cursos de entre as persoas que se atopan en situación de execución das sentenzas que declaran a súa condición de persoal laboral indefinido non fixo para traballos fixos discontinuos, na categoría 40 do grupo I, titulado superior lingüista, da Xunta de Galicia.

A Consellería realizará todos os trámites legais necesarios para a súa incorporación, que se efectuará segundo a modalidade que sexa pertinente, e, por necesidades do servizo, adoptará todas aquelas medidas que a execución deste implique.

Sétima. Financiamento

O custo por docente/curso estímase en 4.932,74 euros, sen prexuízo dos incrementos retributivos que puidesen aprobarse anualmente. O custo por coordinación/curso é de 300 euros. Ao acordarse a impartición de 32 cursos ao ano, o custo anual do profesorado é de 157.847,68 euros e o da coordinación é de 9.600 euros. Ambas as contías suman 167.447,68 euros, que é o importe total anual. Tendo en conta que a duración do convenio é de catro anos, o importe total deste é de 669.790,72 euros.

Para sufragar o importe correspondente a cada ano de duración do convenio (167.447,68 euros), a colaboración entre as partes organizase do seguinte xeito:

- A Consellería asumirá anualmente o financiamento dos gastos do profesorado de 10 cursos por un importe de 49.327,40 euros, con cargo ás aplicacións 10.50.151A.133.00 e 10.50.151A.160.33 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio correspondente (2022, 2023, 2024 e 2025), sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

A Consellería tamén se encargará da xestión dos gastos do profesorado dos 22 cursos restantes, que serán financiados pola EGAP, para o que se tramitará anualmente unha modificación orzamentaria por un importe de 108.520,28 euros.

- A EGAP asumirá anualmente o financiamento dos gastos do profesorado de 22 cursos por un importe de 108.520,28 euros, así como o financiamento dos gastos de coordinación de todos os cursos (32) por un importe de 9.600 euros; todos eles, con cargo á aplicación 07.81.122B.226.17 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio correspondente (2022, 2023, 2024 e 2025), sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

A desagregación por anualidades e o importe total correspondentes á achega da Consellería son os seguintes:

Actividade financiada	Importe financiado				
	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Gastos do profesorado de 10 cursos	49.327,40 €	49.327,40 €	49.327,40 €	49.327,40 €	197.309,60 €
TOTAL	49.327,40 €	49.327,40 €	49.327,40 €	49.327,40 €	197.309,60 €

A desagregación por anualidades e o importe total correspondentes á achega da EGAP son os seguintes:

Actividade financiada	Importe financiado				
	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Gastos do profesorado de 22 cursos	108.520,28 €	108.520,28 €	108.520,28 €	108.520,28 €	434.081,12 €
Gastos da coordinación de todos os cursos (32)	9.600,00 €	9.600,00 €	9.600,00 €	9.600,00 €	38.400,00 €
TOTAL	118.120,28 €	118.120,28 €	118.120,28 €	118.120,28 €	472.481,12 €

A suma total dos importes correspondentes ás achegas de ambas as partes é a seguinte:

Partes	Importe financiado				
	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Consellería	49.327,40 €	49.327,40 €	49.327,40 €	49.327,40 €	197.309,60 €
EGAP	118.120,28 €	118.120,28 €	118.120,28 €	118.120,28 €	472.481,12 €
TOTAL	167.447,68 €	167.447,68 €	167.447,68 €	167.447,68 €	669.790,72 €

Oitava. Comunicación e publicidade

Calquera tipo de comunicación ou publicidade sobre as actividades previstas neste convenio deberá facer referencia á colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a EGAP. Deberán figurar, con igual rango e consideración, os logotipos dos dous organismos.

Novena. Información final das actividades

Cando rematen as actividades de cada semestre, a EGAP facilitaralle á Secretaría Xeral de Política Lingüística os datos que esta lle poida solicitar, como as enquisas de avaliación do profesorado e o grao de satisfacción do alumnado.

Décima. Normativa aplicable

Todas as accións que se realicen ao abeiro deste convenio faranse de conformidade coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego fixada pola Real Academia Galega, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, respectarase a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Décimo primeira. Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento das actividades previstas neste convenio, que estará composta pola persoa titular da Subdirección Xeral de Política Lingüística, a persoa titular da Secretaría Xeral da EGAP e/ou as persoas que ocupen as xefaturas dos servizos encargados da formación en cada un destes organismos.

A comisión estará facultada para resolver as dúbidas que poidan xurdir na execución deste convenio e poderá estar asistida polo persoal técnico necesario. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda. Comisión de avaliación

Constituirase unha comisión de avaliación para estudar as reclamacións presentadas en relación coas cualificacións outorgadas nos cursos e para resolver as incidencias que poidan xurdir en relación coa súa impartición. Esta comisión estará formada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Política Lingüística, a persoa encargada da coordinación dos cursos e dúas persoas expertas da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A comisión emitirá un informe que servirá de base para a resolución das reclamacións.

Décimo terceira. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, quen represente un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e o persoal empregado das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de persoal empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun usuario e clave no servizo Chave365 ou cun certificado electrónico de persoa física ou de persoa xurídica asociado ao NIF da persoa destinataria. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a que acceda ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométese a cumprir as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais.

No exercicio dos poderes públicos que lle son legalmente conferidos, as partes comprométese a cederse mutuamente os datos persoais das persoas interesadas en participar nas actividades formativas que se convoquen ao abeiro deste convenio. Con este fin, as partes facilitaranse o acceso a través dos seus respectivos medios técnicos, con estrita suxeición ao que estableza a normativa aplicable.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada parte declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para eses efectos, as páxinas web das partes asinantes deste convenio (<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e <https://egap.xunta.gal>) conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e ao modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios e que se publiquen nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

As persoas representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Edificio administrativo de San Caetano, rúa de San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela) ou ao seu enderezo electrónico (sxt.cultura.educacion@xunta.gal), e á sede da EGAP (rúa Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela) ou ao seu enderezo electrónico (secretaria.egap@xunta.gal).

Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Décimo sexta. Vixencia

A vixencia deste convenio esténdese desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025. Poderá prorrogarse por acordo das dúas partes antes da súa finalización, agás que sexa denunciado, por escrito, por algunha das partes por incumprimento dos compromisos que nel se recollen, polo menos cun mes de antelación.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado. As partes sométense ao acordado en todas as estipulacións e subscríbense como proba de conformidade.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

A directora da Escola Galega de
Administración Pública

Román Rodríguez González

Sonia Rodríguez-Campos González